

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A LARACHA

Taxa SAF de maio 2024

EDITO: EXPOSICIÓN PÚBLICA APROBACIÓN DE PADRÓN FISCAL

Por resolución de Alcaldía (671/2024) do 12 de xuño de 2024 adoptouse o seguinte acordo:

A Ordenanza Fiscal número 27, reguladora da taxa polo servizo de axuda no fogar, publicada no BOP nº 150 do 08/08/2012, modificada no BOP 137 do 19/07/2013 e no BOP nº 184 do 26/09/2013, sen prexuízo do recollido no Decreto 99/2012 modificado polo Decreto 149/2013.

A referida ordenanza fiscal no seu artigo 8º regula a creación dun padrón fiscal mensual no que se inclúan as cantidades a aboar en concepto de taxa por cada usuario do servizo.

Tendo en conta as persoas actualmente usuarias do servizo de axuda no fogar, procede a aprobación do padrón fiscal (neste mes o correspondente a **MAIO DE 2024** en aplicación do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria (en adiante LXT).

En aplicación do artigo 102.2 da LXT as persoas usuarias serán exclusivamente notificados colectivamente mediante a exposición pública durante 15 días, publicando un edito no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello.

No uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1 f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o padrón da taxa polo servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de **MAIO DE 2024**.

SEGUNDO: Aprobar e notificar a liquidación correspondente a alta no padrón con expresión dos datos sinalados no artigo 102.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria. A partires deste momento, os sucesivos padróns fiscais mensuais, de acordo co previsto no artigo 102.3 da LXT, serán notificados colectivamente mediante a súa exposición pública durante 15 días, publicando un edito no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello.

TERCEIRO.- Expoñer ao público o padrón aprobado, mediante a publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello, por un prazo de 15 días dende a publicación. Esta exposición actúa como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

CUARTO.- Contra as liquidacións, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de facendas Locais aprobado por Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución expresa ou de 6 meses dende que se produza a desestimación presunta.

QUINTO.- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses contados a partir do día seguinte ó da finalización da exposición pública. Transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargos de acordo cos artigos 26 a 28 da LXT. No obstante, tal e como prevé a Ordenanza Fiscal número 27, o cobro das taxas realizarase mediante domiciliación bancaria, unha vez transcorrido o período de exposición pública.

En A Laracha, a 17 de xuño 2024

O alcalde,

José Manuel López Varela

2024/4303